

Resposta a X. P., un mozo que quere ser escritor

Marica Campo

Benquerido X.: Moito me alegra saber que segues na teima de seres escritor. Aínda conservo aquel poema que lle fixeches, cando só tiñas doce anos, a Marilita, a nena da que te dicías tan namorado. Tampouco esquezo que, o día en que veu Manuel María ao Colexio, lle preguntaches que tiñas que facer para escribir ben. Lembras a súa resposta? Púxose serio e agardou un pouco antes de che contestar coa súa voz máis grave: “Sempre digo que abonda con que me equivoque eu, sen equivocar a outros”. Despois falouche con paixón do que era para el a escrita e eu non sei se comprendiches moito, mais os ollos brillábanche e intuín que gardabas as súas palabras, quizais para descifralas andando os anos. Non che deu pautas para a técnica, senón para o entusiasmo. Iso mesmo querría facer eu: Suxerirche algunhas cousas. O entusiasmo, ou mellor a necesidade, é evidente que a tes cando me aseguras: “Dáme a sensación de que o tempo que non apreixo escribindo se vai polos sumidoiros. Síntome máis limpo e con máis forza cando o fago. É un refuxio fronte a este mundo tan esborrallado”. E non sabes talvez, X., que coincides nas motivacións con Bajin, Crista Wolf, Knut Hamsun e moitos outros. Como tamén coincides con Italo Calvino ao asegurarme que segues a escribir porque nunca estás satisfeito co que escribiches. Despois disto, quizais non necesites moitos consellos. Pero son a túa vella mestra e déboche algún.

Non che vou recomendar humildade á hora de escribires, pero si para cando xulguen os teus escritos. Malia as túas motivacións, non escribes para ti se, como me confesas, desexas publicar. Non sexas humilde, non empeces desde abaixo como alguén lle recomendara a un rapaz a quen Óscar Wilde aconsellou: “Non, empeza desde o cumio e senta arriba”. O cumio, caro X, é a mellor literatura universal da que a nosa, a galega, forma parte. Tes que facer a montaña cos libros lidos e descubrir cal é o punto máis alto. Le, le febrilmente, e aplícate tamén a escribir. Rompe tantos papeis como precisas até acháreste diante do libro que che gustaría ler.

Non escribas pensando no éxito nin no diñeiro. Eses, se chegan, que sexan benvidos. Escribe sabendo que é un oficio duro, solitario, cheo de incertezas; mais apaixonante porque podes inventar vidas día a día, alzar edificios no vento que ninguén chos poderá derrubar. Todo o que a existencia nos vai furtando pode devolvérmolo a literatura, pero esta vez construído á nosa medida porque, como ben sabes, a escrita é subversión, reescritura dun mundo que cuestionamos.

Non era sarampelo aquilo dos doce anos. Era ferida: Que che afonde! Apertas.

